
II CONGRESO
XÉNERO, MUSEOS, ARTE E MIGRACIÓN:
LUGO 6, 7 E 8 DE MARZO 2015

COMITÉ ORGANIZADOR E COORDINACIÓN XERAL DO CONGRESO

Encarna Lago. Rede Museística Provincial de Lugo

Juan García Sandoval. Conservador de Museos da Rexión de Murcia Museólogo e investigador de accesibilidade social e xénero

Pilar Sánchez Monje. Producción e comunicación cultural

Paula Cabaleiro. Arte e xestión cultural
Persoal da Rede Museística Provincial de Lugo

COMITÉ CIENTÍFICO

Aurelia Balseiro. Museo Provincial de Lugo

Luis A. Grau. Museo de León

Teresa Soldevila. Museu Maritim de Barcelona

Amelia Aguado. Centro Buendía da Universidade de Valladolid

Araceli Corbo. MUSAC

Ana Moreno. Educa Thyssen, Museo Thyssen-Bornemisza

Victoria Falcó. Invest. Centro Intern. de Hª da Fotografía (Leicester, Gran Bretaña)

Almudena Domínguez. Máster en Museos. Universidade de Zaragoza

Carmen Delia Gregorio Navarro. Investig. de xénero. Univ. de Zaragoza

Paula Arias Abella. Servizos culturais

Nuria Rivero. ICOM-España

Olaia Fontal. Observatorio de Educación Patrimonial. Univ. de Valladolid

Chus Martínez Domínguez. Comisaria e crítica de arte

Mercedes Rosón. Área de Cultura da Univ. de Santiago de Compostela

Mª Ángeles Querol. Universidade Complutense de Madrid

Josefina Cerviño. Universidade da Coruña

Marián López Fernández-Cao. MAV – Mujeres en las artes visuales

Silvia Blanco. Museo arqueológico de Cacabelos.

Cristina Fernández Lamela. Iskoo, espazo multidisciplinar

Carme Nogueira. Artista visual

Mónica Alonso. Artista plástica

Gema López. Artista plástica

Bárbara G. Vilariño. Xornalista, Píkara magazine on-line

Renata Otero. Artista multidisciplinar

Mar Caldas. Universidade de Vigo

Silvia Fiallega Lorenzo. Investigadora en migracións

Ángeles Carnacea Cruz. IMEDES, univ. Autónoma de Madrid

Mª Antonia Pérez Rodríguez. Universidade da Coruña

Luzía Oca. Antropóloga, proxecto BogAvante

Iria Vázquez Silva. Socióloga

Mery País Domínguez. Artista multidisciplinar

Amal Ait Mohand. Inmigrante marroquí

Mª del Carmen Amigorena. Inmigrante cubana

Alina Pena Labrada. Inmigrante cubana

Rocío Fernández. Inmigrante arxentina

Observatorio da Mariña pola Igualdade

ÍNDICE

II CONGRESO XÉNERO, MUSEOS, ARTE E MIGRACIÓN

#BLOQUE I XÉNERO E MUSEOS

DIÁLOGOS

Diálogo 1 - "Análise contextual da presenza da muller nos museos e coleccións de arte"

Diálogo 2 - "Xénero e xestión. A muller na universidade e na súa xestión cultural"

Nuria Rivero

Teresa Soldevila

Ana Moreno

Victoria Falcó

Ana Isabel Macón

Ana Isabel Álvarez

Laura Bécares

Ángeles Querol

Juan García Sandoval

Mª Carmen Delia Gregorio Navarro

Blanca Flor Herrero Román

Helena Alice Mendes Pereira

Amelia Aguado

Encarna Lago

Pilar Sánchez Monje

OUTRAS VIDEO-COMUNICACIÓNS

CONCLUSIÓNS XÉNERO E MUSEOS

#BLOQUE II XÉNERO E ARTE

DIÁLOGOS

Diálogo 1 - "Festival Miradas de Mulleres"

Diálogo 2 - "Proxectos artísticos contedores de feminismos"

Diálogo 3 - "Muller artista e mercado da Arte"

Marián López Fernández-Cao

Silvia Blanco

Cristina Fernández Lamela

Mar Caldas

Carme Nogueira

María Dolores Cid

Mónica Mura

Mónica Alonso

Renata Otero

Gema López

Bárbara G. Vilariño

Mariola Mourelo

Paula Cabaleiro

Encarna Lago

Juan García Sandoval

Pilar Sánchez Monje

OUTRAS VIDEO-COMUNICACIÓNS

CONCLUSIÓNS XÉNERO E MUSEOS

#BLOQUE III XÉNERO E MIGRACIÓN

DIÁLOGOS

Diálogo 1. "Migracións en perspectiva de xénero. O rol da muller no exilio"

Diálogo 2. "Migración e integración. Programas dentro e fóra das institucións"

Diálogo 3. "Relato de identidades: culturas propias e alleas. Interculturalidades"

Silvia Fiallega

Ángeles Carnacea Cruz

Mª Antonia Pérez Rodríguez

Luzía Oca

Iria Vázquez Silva

Mery País Domínguez

Amal Ait Mohand

Alina Pena Labrada

Mª del Carmen Amigorena

Rocío Fernández

Encarna Lago

Juan García Sandoval

Pilar Sánchez Monje

OUTRAS VIDEO-COMUNICACIÓNS

CONCLUSIÓNS XÉNERO E MIGRACIÓN



II Congreso

XÉNERO, MUSEOS, ARTE E MIGRACIÓN

6, 7 e 8 marzo 2015

Rede Museística Provincial de Lugo

A Área de Cultura da Deputación de Lugo, a través da súa Rede Museística Provincial organizou, os días 6, 7 e 8 de marzo de 2015, o II Congreso de Xénero Museos e Arte que en continuidade coa edición anterior, engade o bloque de Migración como tema latente no debate social. Este encontro se encadra dentro do Plan de Xénero e Igualdade da Rede Museística que traballa nun modelo de xestión baseado nos principios da museoloxía social como ferramenta de actuación en responsabilidade para coa súa comunidade.

Esta segunda edición conta co patrocinio científico das tres universidades galegas, Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, catro universidades estatais, Valladolid, Zaragoza, Complutense e Autónoma de Madrid máis unha internacional, Universidade de Leicester (Gran Bretaña). Ademais, o comité científico complétase con ICOM España, organismo que agrupa todos os museos estatais, o Observatorio de Educación Patrimonial, EducaThyssen – Thyssen Bornemisza, Museo de León, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León (MUSAC), Fundación Jiménez-Arellano de Valladolid, Museu Maritim de Barcelona, Museo Arqueológico de Cacabelos, a Red Española de Profesionales de Museología social, Observatorio da Mariña pola Igualdade, e Mujeres en las Artes Visuales (MAV) así como outras plataformas de investigación, exhibición e difusión como son o Festival Miradas de Mujeres, Píkara Magazine ou Isköo espazo multidisciplinar. Esta extensa rede de colaboradores da Rede

Museística cubre deste xeito un espectro internacional, estatal e local que pon en valor o traballo e o compromiso desta institución coa museoloxía social

Nun formato dinámico, participativo e democrático, durante tres intensos días preto de 40 sobresaíntes relatores e relatoras procedentes de toda Galicia, Madrid, Barcelona, Asturias, Murcia, Castela e León, Inglaterra e Portugal, compartiron os seus proxectos e intereses no ámbito dos museos, a igualdade e a inclusión social.



Especialistas na investigación do xénero e a arte, responsables da xestión e a acción social, da didáctica, medios de difusión cultural, artistas e persoas interesadas responderon de forma activa a esta chamada, completando o número de acreditacións aos poucos días de ter aberta a inscrición.

Cerca de 20 traballos de investigación, nacionais e internacionais, presentáronse á convocatoria de comunicacións. Esixíase o formato vídeo, entendido como o medio de participación máis eficaz e de maior alcance.

Para rachar co formato tradicional de congreso e fomentar o debate, estableceuse o diálogo como eixe principal. Público e conferenciantes foron situados no mesmo plano de participación. Exposicións curtas, de 5 minutos, que incorporaban ás persoas comunicantes seleccionadas, servían de base para formular as preguntas e ofrecer respostas no bloque de discusión, dunha forma bidireccional entre a concorrencia e o conxunto de expoñentes.

As redes sociais foron utilizadas de acordo a un plan de difusión que tiña como obxectivo

activar ao congreso e o seu debate tamén no espazo on-line, antes, durante e despois das xornadas. Construíuse unha rede multimedia que poñía en relación todas as plataformas de comunicación dixital: correo electrónico, canle de youtube, perfís en google, facebook e twitter. Acadáronse o dobre de seguimentos e un nivel de alcance e impactos superior a edicións pasadas.

Como forma de contribución colectiva estas conclusións están realizadas a partir da colaboración de todos aqueles e aquelas asistentes que nos fixeron chegar as súas impresións e resultados do compartido durante estes tres intensos días de marzo de 2015 na Rede Museística Provincial de Lugo.

Especialistas na investigación do xénero e a arte, responsables da xestión e a acción social, da didáctica, medios de difusión cultural, artistas e persoas interesadas responderon de forma activa a esta chamada, completando o número de acreditacións aos poucos días de ter aberta a inscrición.

Cerca de 20 traballos de investigación, nacionais e internacionais, presentáronse á convocatoria de comunicacións. Esixíase o formato vídeo, entendido como o medio de participación máis eficaz e de maior alcance.

Para rachar co formato tradicional de congreso e fomentar o debate, estableceuse o diálogo como eixe principal. Público e conferenciantes foron situados no mesmo plano de participación. Exposicións curtas, de 5 minutos, que incorporaban ás persoas comunicantes seleccionadas, servían de base para formular as preguntas e ofrecer respostas no bloque de discusión, dunha forma bidireccional entre a concorrencia e o conxunto de expoñentes.

As redes sociais foron utilizadas de acordo a un plan de difusión que tiña como obxectivo activar ao congreso e o seu debate tamén no espazo on-line, antes, durante e despois

das xornadas. Construíuse unha rede multimedia que poñía en relación todas as plataformas de comunicación dixital: correo electrónico, canle de youtube, perfís en google, facebook e twitter. Acadáronse o dobre de seguimentos e un nivel de alcance e impactos superior a edicións pasadas.

Como forma de contribución colectiva estas conclusións están realizadas a partir da colaboración de todos aqueles e aquelas asistentes que nos fixeron chegar as súas impresións e resultados do compartido durante estes tres intensos días de marzo de 2015 na Rede Museística Provincial de Lugo.

#BLOQUEI.XÉNERO E MUSEOS

Nuria Rivero, xerente do ICOM – España (Consello Internacional de Museos)

Nuria Rivero achegounos a documentación emitida desde este organismo internacional que avoga, desde as súas primeiras declaracións, pola necesidade de difundir o patrimonio en termos de igualdade. Importante ter presente o **código deontolóxico** <http://www.icom-ce.org/contenidos09.php?id=29> desta institución.

Por outro lado, Nuria mencionou os diversos estudos que o Comité ten publicado en relación á relación entre xénero e museos:

Museos, arqueoloxía y género issuu.com/icom-ce_librovirtual/docs/icom-ce_digital_09

Museos, género y sexualidad https://issuu.com/icom-ce_librovirtual/docs/icom-ce_digital_08

Teresa Soldevila, responsable área de Responsabilidade Social do **Museu Maritim de Barcelona** <http://www.mmb.cat/>

Pola súa parte, a comunicación de Teresa

Soldevila parte da afirmación de que os plans de inclusión deben ser transversais e estratéxicos. Han de empapar a toda a estrutura da institución. Doutra maneira, non quedarán máis que en boas intencións levadas a cabo por un grupo de xente coa súa boa vontade.

Comparte connosco algunhas das accións que se están a desenvolver desde o Maritim como museo de comunidade:

El MMB con un mar de flores http://www.mmb.cat/pop_noticies.php?idm=2&codi_item=315&taula=noticies

Las culturas del Raval y la cocina del mar <http://museosyaccesibilidad.blogspot.com.es/2014/05/las-culturas-del-ralav-y-la-gastronomia.html>

Teresa insiste na necesidade de ser museos afincados na comunidade, sensibles a súa diversidade, e facer realidade a convivencia e a cohesión social.

Ana Moreno, xefa Área de Educación do Museo Thyssen-Bornemisza <http://www.educathyssen.org/>

Ana Moreno coméntanos que a colección exhibe 26 obras de 13 artistas mulleres. No seu equipo traballa Mariola, especialista en xénero, e destaca que ela é xefa do departamento, feito normalizado.

Aposta por un traballo feito man a man cos colectivos sociais, construído nunha mesa redonda onde todo o mundo teña voz e onde o proxecto se leve a cabo entre todos e todas. Engade que a participación desde o museo non se cinxe só ao departamento de didáctica. Dirección, conservación, limpeza, tamén actúan, e do mesmo xeito, nestes programas de inclusión.

Este foi o modelo para o proxecto NOSOTRAS. Elíxese o formato vídeo como medio dinámico de comunicación e

visibilidade, flexible e con maior alcance nas novas formas de difusión en rede. Estes vídeos están publicados na **canle de youtube do Museo**.

Victoria Falcó, bolseira Wilson no Máster do Centro Internacional de Historia da Fotografía (DMU, Leicester, Gran Bretaña).

Como especialista en fotografía abriunos unha interesante vía de investigación sobre a representación da muller nos museos de arte e de etnografía nas pezas deste tipo de formato. Victoria recalca a necesidade de que a información que se ofrezca ao público sobre as obras reflicta tamén unha reflexión contextualizada de xénero. Estes datos axudan a formar un espírito crítico sobre os estereotipos que provocan a comparación inmediata co presente.

Ana Isabel Macón, Licenciada en Historia da Arte e Máster en Economía da Cultura e Xestión Cultural pola Universidade de Valladolid.

Vídeo-comunicación: Estudios de Impacto Social, cuestión de género en museos <https://www.youtube.com/watch?v=sxutcSKVVZY>

Ana expón que o museo ademais de ser unha entidade económica tamén posúe unha dimensión social e cultural. No momento de recoller os datos para a súa análise, constata que son de difícil acceso, non só no sentido de coñecer aos visitantes, se non tamén a composición do organigrama da institución. Nas súas conclusións, determina que o xénero e a titularidade marcan a posición en cargos de responsabilidade, facilitando, no caso dos públicos, que as mulleres acaden postos de máxima relevancia. Por outra parte, do seu estudo extráese tamén que hai diferenzas na presenza da muller segundo sexa a tipoloxía do museo, sendo maior nas

relacionadas coas artes decorativas ou da moda, como é o caso do museo do traxe.

Remata a modo de reflexión, cunha cita da escritora e publicista estadounidense Lois Wyse “aos homes lles aprenden a desculpase polas súas debilidades e ás mulleres polas súas capacidades”.

Ana Isabel Álvarez, Arquitecta, investigadora, delineante con formación artística.

Vídeo-comunicación: El museo como resultado: Heidi Weber <https://www.youtube.com/watch?v=cm-QSLFI204>

A comunicación de Ana Isabel Álvarez dános a coñecer unha historia de tenacidade e paixón a pesar das contrariedades. É a historia da arquitecta Heidi Weber que, fascinada pola obra pictórica de Le Corbusier, lle convence para deseñar un centro que reúna o seu pensamento, un Gesamtkunstwerk, unha obra total de arte que se converterá nun dos primeiros museos privados de Europa. Ela será a que finalmente integre todas as disciplinas nas que se desenvolveu este xenio universal para un mellor entendemento do seu traballo. O Centro Le Corbusier pode visitarse a través da súa web <http://www.centerlecorbusier.com/>

Laura Bécares, Licenciada en Historia pola Universidade de Oviedo. Bolseira predoutoral Severo Ochoa na Universidade de Oviedo. Membro do proxecto I+D+I Maternidades e familias. Permanencias, cambios e rupturas na historia. Entre as sociedades antigas e a sociedade contemporánea. HAR2013-420371R.

Vídeo-comunicación: ¿Cómo se representa la maternidad en los museos arqueológicos? <https://www.youtube.com/watch?v=KsQQdeuHH1s&app=desktop>

A representación da maternidade nos museos arqueolóxicos ou da evolución humana é o tema central da comunicación de Laura Bécares. Na súa investigación constata a escasa reflexión sobre xénero existente nas imaxes didácticas tanto da maternidade social, como da biolóxica. Por un lado, vemos que se elude, nos discursos historiográficos, a exposición de contacto entre os homes e a nenez. Mentres que por outro lado, non aparecen sinais da evolución da morfoloxía feminina, como a pelve ao servizo do mellor desenvolvemento do feto, e outros temas, por considerarse aínda tabú. Igualmente tende a representarse á muller dentro do clan, como suxeito pasivo.

Mª Ángeles Querol, catedrática de Prehistoria. Coordinadora do **clúster de Patrimonio Cultural CEI Campus Moncloa** <http://www.campusmoncloa.es/es/clusteres/patrimonio-cultural/>

Continúa o debate iniciado por Laura Bécares sobre a representación da maternidade, a catedrática Mª Ángeles Querol. A representación das mulleres nos museos como ser pasivo, axeonlladas un alto por cento das veces, é unha imaxe que debe romperse, porque nada hai demostrado que así o afirme. Esta figura é perniciosa para a educación dun público que sempre busca a identificación co que ve.

Non debemos deixar de lado o diferente simbolismo que supón ter a muller cos seus deus xeonllos no chan a diferenza da idea do home que apoia nada máis que un como parte desa linguaxe da cabalería, de relación co poder.

Por outra parte está o número de representacións femininas. Sería imposible manter unha sociedade con esa baixísima presenza da muller. É realmente un disparate biolóxico e social e o máis importante, unha afronta ao noso desexo de educar en

igualdade.

M^a Ángeles aléntanos a utilizar o feminino das palabras, sobre todo das profesións: arquitectas, arqueólogas, enxeñeiras, porque a linguaxe tamén precisa dunha normalización.

Juan García Sandoval, investigador accesibilidade social e xénero. Conservador de Museos da CARM <http://www.carm.es/web/pagina?IDCONTENIDO=1&IDTIPO=180> e ex-Director do Museo de Belas Artes de Murcia.

e

M^a Carmen Delia Gregorio Navarro, educadora en Museos, investigadora de xénero na Antigüidade e **Máster en Museos** <http://www.mastermuseos.es/en/> pola Universidade de Zaragoza.

Juan García Sandoval comparte as investigacións de M^a Carmen Delia Gregorio Navarro sobre estas liñas de traballo en igualdade. Os museos están ao servizo da sociedade e o discurso androcentrista debe ser desprazado a través da inclusión, A linguaxe é unha ferramenta de inclusión que identifica e nomea, e polo tanto visibiliza, á muller en todas as súas facetas, como creadora e como traballadora. Este exercicio debe darse nos materiais de didáctica, así como nos proxectos de investigación e nas publicacións, pois todo contribúe a difundir esta mirada sobre os museos que reafirma a normalización e a inclusión como formas de igualdade.

Blanca Flor Herrero Román, doutora en Historia da Arte pola Universidade de Salamanca Asesora Técnico Docente da Área de Programas Educativos da Dirección Provincial de Zamora.

Vídeo-comunicación: **Exposiciones**

temporales sobre mujeres artistas en el Museo Etnográfico de Castilla y León <https://www.youtube.com/watch?v=Zopcrf7Hmzk&feature=youtu.be>

Blanca Flor Herrero Román puxo o foco sobre tres exposicións temporais do **museo Etnográfico de Castela e León** <http://www.museo-etnografico.com/> emprazado en Zamora, das mulleres artistas: a escultora Isabel Ulzurrun, a fotografa palentina Piedad Isla, e Balbina Mendes de Miranda do Douro (Portugal). Tres mulleres activas e vinculadas entre si polo interese no estudo da paisaxe cultural. Destaca como, na obra de Balbina Mendes, a muller, aínda que excluída como parte activa nas festividades que unen os dous territorios lindeiros, é a auténtica transmisora e salvagarda destas tradicións.

Helena Alice Mendes Pereira, licenciada en Historia de Arte pola Universidade de Oporto. Máster en Comunicación, Arte e Cultura na Universidade de Minho (Portugal).

Vídeo-comunicación: Mujeres artistas en las colecciones de los museos más antiguos de Arte Contemporáneo de Portugal https://www.youtube.com/watch?v=_DNFHn3H9OI

Helena chega desde o departamento de educación do Museo de Cerveira para falarnos da presenza da muller artista nos museos máis importantes de Portugal, nun percorrido pola súa recente historia política e cultural. A importancia do **Museo Gulbenkian** <http://museu.gulbenkian.pt/Museu/pt/Inicio> ademais da colección, radica no aproveitamento das súas bolsas que permitiron a artistas como M^a Elena Vieira da Silva medrar entre a vangarda parisiense. A proporción de mulleres artistas presentes nos fondos do museo é soamente dun 20%, e ven sendo impulsado nos

últimos anos pola dirección dunha muller ao seu fronte. Esta porcentaxe parece supoñer un teito de cristal para os museos obxecto da investigación de Helena, pois tanto o **Museo Serralves** <http://www.serralves.pt/pt/> en Porto como o **Museu de Cerveira** <http://bienaldecerveira.org/com> parten a mesma magnitude sobre a participación de autoras nas súas coleccións.

Mergullando un pouco máis nos perfís destas mulleres artistas, únelles unha orixe con “posibles” que lles permitía formarse en estudos artísticos durante a ditadura e sempre fóra do país. Helena convidanos a poñer en valor, visibilizar e continuar este traballo para equilibrar a súa presenza nas institucións museísticas.

Amelia Aguado, xefa de Servizo do **Centro Buendía** <http://www.buendia.uva.es/> e directora da **Fundación Jiménez-Arellano Alonso** <http://www.fundacionjimenezarellano.com/> da Universidade de Valladolid.

É a quenda de Amelia Aguado, directora da Fundación Buendía e do Museo africano, ambos dependentes da Universidade de Valladolid. Ela expón de que forma chegou a este posto, dado o seu perfil como xestora e dinamizadora. Nunca se sentiu discriminada por ser muller. Nunha panorámica sobre a posición das mulleres na universidade observa que a porcentaxe de responsables mulleres de vicerreitorados é moi baixa e ademais ocupan aqueles de ámbito máis amable. No que respecta ao alumnado é maior o número de mulleres estudantes que homes pero ao chegar ao claustro a proporción invértese. Afirmo que aínda queda traballo para conseguir unha universidade igualitaria.

No que respecta ao museo africano, abre tamén esta outra perspectiva, máis aló do noso eurocentrismo, para expoñer como é a

abundante representación feminina africana e o seu simbolismo. A muller aparece de pé e o home de xeonllos. O público acolleu no seu momento con grande éxito da exposición **África en feminino** <https://www.youtube.com/watch?v=FvY8cpooAFU>

Encarna Lago, xerente da **Rede Museística Provincial de Lugo** <http://www.redemuseisticalugo.org/>

Encarna Lago, xerente da Rede Museística Provincial pecha este primeiro bloque de exposicións cuestionando a realidade dos museos fronte a definición que marca o ICOM a través dunha serie de preguntas. As mesmas que ela se fixo alá polos anos 90, como responsable do museo e do departamento de didáctica, na vontade de levar a práctica as indicacións do Comité internacional.

Son dúas as mulleres con cargos de responsabilidade na institución, Aurelia Balseiro, na parte científica e como directora do Museo Provincial de Lugo, e ela, como xestora dos catro museo da Rede. Encarna preguntanos cómo é xestionar sendo muller para responderse que son dúas as formas: ou ben mimetizándose co modelo patriarcal, ou ben facerse activista cultural. Anima a situarse nesta última postura a prol de facer museos vivos, na escoita á colectividade, no traballo dun modelo de xestión inclusivo con comisarias, conservadoras, e por suposto coas artistas.

A transformación só pode darse desde a didáctica como eixe transversal a todas as competencias do museo, como ámbito flexible e sensible a todas as situacións onde reside o conflito.

A xerente da Rede, debuxa o mapa dunha xestión para a inclusión: imaxinar, reflexionar, avaliar e actuar sempre en movemento continuo. Avaliar qué e cómo

se leva á práctica a responsabilidade social dos museos, cal é o seu compromiso coa comunidade. O museo como mediador, como creador de comunidade, como vehículo de comunicación con credibilidade, que atende e escoita, difunde e visibiliza, a diversidade social, xeográfica, cultural, educativa da súa comunidade. Que xestiona para e con todos e todas.

OUTRAS COMUNICACIÓNS: XÉNERO E MUSEOS

VÍDEO-

Josefina Cerviño (Universidade de A Coruña): **Aínda marxinas?** <https://www.youtube.com/watch?v=0HttwDXc8y0>

Esther Massó Guijarro (Universidade de Granada): **Amas de cría en Valvanuz: museos, lactancia y patrimonio vivo** <https://www.youtube.com/watch?v=LrEYJEFbgyU>

Eva Cristina Mesas (Colectivo artístico ELLAS), **Carmen Delia Gregorio Navarro** (Museo de Beléns do Mundo de Ojós, Murcia), **Juan García Sandoval** (Conservador de Museos de la CARM) e **Viola Troiano** (Colectivo artístico ELLAS): **EL HILO DE LA MEMORIA. Proyecto de mediación artística y género** https://www.youtube.com/watch?v=ReuEvCOZwll&list=PLkqAiMw-mh7_767LUqgqWJEBzr0ufekYR&index=4

Rosa Serrano Muñoz (Universidade de Zaragoza): **Del Homenaje a la reinención. Juana Francés y 6 mujeres artistas en el IAACC Pablo Serrano** <https://www.youtube.com/watch?v=w2fEkdLWcPE&feature=youtu.be>

CONCLUSIÓNS

XÉNERO E MUSEOS

- O sistema patriarcal é sempre unha cuestión de xénero que afecta a homes e mulleres como suxeitos pasivos dunha educación cultural previamente asignada e desigual. É preciso rachar cos estereotipos que este modelo impón.
- Traballar a linguaxe como ferramenta de transformación, utilizando palabras de inclusión en lugar do xénero excluínte.
- Na universidade hai máis mulleres que homes pero en canto escalamos a pirámide de poder a proporción se reverte. Este efecto tesoira púxose de manifesto tamén nos estudos que o Instituto de investigacións feministas da Universidade Complutense levou a cabo.
- En educación, a pesar dos cambios no último terzo de século, a presenza das mulleres nas carreiras técnicas segue sendo moi baixa, e por riba, continúan a ser estigmatizadas nas súas saídas profesionais. No que respecta as mulleres artistas, a súa presenza nas facultades é moi alta como parte do alumnado, pero non así no profesorado nin nas cátedras, partindo ambos en igualdade de capacidades na súa preparación.
- Os museos non teñen xénero, e debe establecer o principio de igualdade en calquera da súa actividade pública.
- Un museo debe construírse para e con todos os públicos, permeable á diversidade social. Debemos revisar as coleccións museísticas desde unha perspectiva de xénero e inclusiva, expoñer outras miradas e narrativas, visibilizar os percorridos en feminino.
- Porque o museo debe contaxiar, como educadores, como mediadores, as áreas de

educación dos museos están levando a cabo un importante traballo de inclusión social. A estas accións deben sumarse o resto das competencias e departamentos para que a súa responsabilidade social sexa real.

BLOQUE II. XÉNERO E ARTE

Marián López Fernández-Cao, doutora en Belas Artes, profesora titular da Universidade Complutense de Madrid e presidenta de **MAV - Mujeres en las Artes Visuales** <http://www.mav.org.es/>

Comeza a sesión a presidenta de MAV (Mulleres nas Artes Visuais) Marián López Fernández-Cao, asociación formada por artistas, galeristas, comisarias, críticas, coleccionistas, xestoras, persoal de museos, educadoras, investigadoras, historiadoras que defende a igualdade no sistema da Arte

Marián destaca o feito de que nas facultades o 80% do alumnado sexan mulleres pero que soamente un 9,4% das exposicións individuais en España son de autoras.

Por outra banda, denuncia as irregularidades e disparidades que o sistema patriarcal marca en certames e premios, criterios de calidade, percorridos expositivos, afirmando con rotundidade que esta situación débese ao poder que exerce un lobby cultural e económico afianzado no patriarcado que non quere perder os seus privilexios e anima a denunciar ante os organismos competentes, Ministerio de Cultura, Museo Reina Sofía, etc. Igualmente, reflexiona sobre cómo debe ser unha das ferramentas de visibilidade que xera a asociación, o *Festival Miradas de Mujeres*.

Silvia Blanco, Museo Arqueolóxico de Cacabelos (León) <http://www.cacabelos.org/marca/> doutora en Historia da Arte, profesora titular de Historia da Arte na UNED Ponferrada.

Silvia Blanco, como directora do Museo arqueolóxico de Cacabelos incidiu na importancia de ser un museo local e actuar para e coa comunidade. Os proxectos de xénero que se levaron a cabo, como **Ahora nosotras** <https://www.youtube.com/watch?v=BLp4rRY8Xh4> nas súas dúas edicións, abriron un novo camiño ao museo e a súa vez o museo se abriu ao diálogo e á creación coas artistas.

Salienta a importancia dos obradoiros e as ferramentas didácticas sobre os proxectos e para normalizar, desde a educación, os conceptos de xénero e igualdade.

Cristina Fernández Lamela, responsable da galería **Iskoo, espazo multidisciplinar, en Lugo** <http://www.iskoo.es/>

Cristina Fernández Lamela como responsable da galería Iskoo en Lugo, fixo un relato das exposicións e proxectos que acolleu neste espazo, como os de Gema López, Reme Remedios, a experiencia de Mulleres en Círculo, Sabela Eiriz, etc. E parouse a reflexionar sobre a forma de traballar entre os e as artistas, revelando que sempre atopou máis colaboración, diálogo, habilidade e xenerosidade por parte das mulleres artistas. Explica que se acaso isto débese a que elas tiveron que sortear máis dificultades no seu percorrido artístico. Queda como final a súa pregunta sobre se é real que hai unha arte neutra, independente do xénero.

Mar Caldas, docente da **Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo** <http://belasartes.uvigo.es/bbaa/> artista visual e

comisaria. Foi coordinadora da Sala X.

Mar Caldas como profesora, achega datos de matriculación nas aulas (unha media do 67% de mulleres fronte a un 33 % de homes) en contraposición á proporción das exposicións colectivas de novas xeracións de artistas, onde, nos últimos 30 anos, a progresión foi diminuindo en favor dos homes artistas. En segundo lugar, Mar analiza a representación das mulleres en eventos de grande envergadura como ARCO, que segundo o seu **informe** <http://www.m-arteyculturavisual.com/wp-content/uploads/2014/02/Informe-MAV.pdf> da edición 2013, e despois de certo reponte que non chega a acadar o 30%, hai un descenso da representación feminina, dentro da cal a participación nacional é mínima.

Centrándose en diferentes galerías galegas, resolve que a situación en Galicia é peor que noutras comunidades xa que ningunha galería acada máis do 40% dos seus fondos con obra de mulleres artistas.

Carme Nogueira, artista visual, investigadora en temas de identidade e de espazo doméstico. + **info** <http://www.cntxt.org/>

Carme Nogueira fai un percorrido polos seus proxectos (25'55", A cidade interpretada, **Contenedores de feminismos** <http://www.cntxt.org/node/38> No discurso de Carme está moi presente o concepto de labor oculto en relación ao espazo público oculto: cómo é o seu uso, a súa relación co monumentalismo. Na súa obraponse de manifesto estes vínculos a través de accións e traballo con diversos obxectos.

María Dolores Cid, Licenciada en Historia Moderna e Contemporánea e máis en Historia da Arte. Máster do Instituto

Simancas pola Universidade de Valladolid.

Vídeo-comunicación: Un paso adelante, otro atrás: La pintora Marcelina Poncela <https://www.youtube.com/watch?v=ku6rqgBS0Q0>

A pintora valisoletana Marcelina Poncela (1867-1917) é visibilizada a través da comunicación de María Dolores Cid. Representante do naturalismo, foi unha das primeiras mulleres que puideron matricularse na Escola Especial de Pintura, Escultura e Gravado de Madrid, con permiso do rei.

Mónica Mura, artista multimedia, diseñadora gráfica e Dottoressa magistrale in D.A.M.S. (Linguaxe Multimedia) por la UNITO. + **info** <http://monicamura.com>

Vídeo-comunicación: Xénero e Arte por Mónica Mura <https://www.youtube.com/watch?v=T2hSlbFdDNA>

A segunda comunicación da mañá corre a cargo de Mónica Mura. A artista de orixe sarda introdúcenos no seu universo creativo no que o feminino está presente no seus retratos e performances, así como o seu compromiso contra a violencia de xénero, e os prexuízos polo empoderamento da muller.

Mónica Alonso, artista plástica, doutora en Belas Artes. + **info** <http://www.monicaalonso.com/>

O tema da maternidade é o eixe coincidente das exposicións das outras dúas artistas galegas participantes neste bloque: Mónica Alonso e Renata Otero. Mónica parte da frase de Marina Abramovic "As mulleres queren ter familia e fillos e ademais dedicarse á arte. Pero, sinto dicilo, iso non é posible " para abrir un diálogo sobre as esixencias que o mercado da arte marcan

sobre a vida artística das artistas: sacrificio e maternidade, egocentrismo ou mala nai. Utiliza como exemplo a Louis Bourgeoise (filla, nai e feminista) como plena expresión destas ideas.

Renata Otero, artista multidisciplinar e investigadora en feminismos. Doutora cum laude en Historia da Arte. + **info** <http://renataotero.com>

Pola súa parte Renata Otero, nunha viaxe a través dos seus proxectos en diversos formatos, reflexiona sobre a maternidade, como parte dos estereotipos que a sociedade marca para as mulleres: separadas, nais, yonkies emocionais... E ás artistas tamén estigmatizadas, restándolles valor ao seu traballo artístico, contemplado como un pasatempo feminino.

Gema López, artista plástica. Máster en Arte Contemporánea. + **info** <http://gema-lopez.com/es>

Outra artista lucense, Gema López, ábrenos as portas a súa obra baseada en principios feministas, na que investiga sobre a ruptura con estereotipos do patriarcado e as ideas preconcebidas, buscando a liberdade para actuar e comunicar. O seu traballo presta especial atención á simboloxía do sangue como tabú e como trofeo, ao igual que mostra a tortura que supón axustarse aos cánons de beleza establecidos.

Bárbara G. Vilariño, asesora de comunicación, xornalista cultural e con visión de xénero. **Píkara magazine** <http://www.pikaramagazine.com/author/barbara-vilarino/>

Bárbara G. Vilariño é asesora de comunicación e periodista cultural para **Píkara magazine on-line** <http://www.pikaramagazine.com/>, **Vivir na Coruña** e a **Biblioteca Nodal da Coruña**.

Bárbara remarca a importancia de ter presente, e en uso, un glosario de termos con enfoque de xénero como ferramenta de igualdade na comunicación. A revista **Píkara** recollía, hai uns anos, un dicionario en lingua de signos (LSE) que permite tratar e falar de conceptos como queer, feminismo ou a diversidade funcional. Ter visión de xénero significa mirar a todos e a todas, cuestionar as dinámicas dos medios xeralistas, atender ao lugar que ocupa a diversidade nos seus informativos e pór o foco nas voces silenciadas polas grandes institucións artísticas.

Mariola Mourelo, Licenciada en Fotografía Documental pola Universidade de Gales, posgraou en Educación Artística no Ensino Secundario pola Universidade de Londres.

Vídeo-comunicación: FfotoEduca: educación, feminismo e participación social a través da fotografía <https://www.youtube.com/watch?v=Pnr0WFPNGuw>

Na súa quenda, Mariola Mourelo presentou o proxecto **FfotoEduca** <http://fotoeducagaliza.blogspot.com.es/> transformación e educación social a través do feminismo e a fotografía. A imaxe da muller ao longo do tempo así como coñecer a diversas autoras son os temas principais que se tratan neste espazo de pensamento crítico.

Paula Cabaleiro, xestora cultural, + **info** <http://www.paulacabaleiro.com/>

Pecha este bloque de exposicións, a artista e xestora cultural Paula Cabaleiro que descubriunos as dificultades que se atopan para sacar á luz ás artistas, onde a idade tamén é unha barreira. Moi interesante a avaliación que realiza sobre o **Festival Miradas de Mujeres 2014** <http://www.paulacabaleiro.com/#!fmm2014/ce4r>,

sinalizando os puntos a mellorar pero salientando os proxectos inclusivos que se desenvolveron na edición. O segundo proxecto a destacar é a feira de arte **Cuarto Público** <http://www.cuartopublico.com> en Santiago de Compostela que representa a feira con maior número de mulleres en exposición.

Como conclusión, aposta por actuar desde o activismo cultural e feminista, fuxir dos discursos endogámicos e dos programas por eventos, porque como ela cuestiona: qué é o que pasa o resto do ano?.

OUTRAS

VÍDEO-COMUNICACIÓNS:

XÉNERO E ARTE

Marcos Jesús Iglesias, (Universidade de Alicante), **Inés Lozano Cabezas** (Universidade de Alicante) e **Amparo Alonso-Sanz** (Universitat de València): **El arte como manifestación de los problemas de género** <https://www.youtube.com/watch?v=w1563oWndxw>

Elena Duce Pastor (Universidade de Oxford): **Cuando la diosa se desnuda, el desnudo femenino en el mundo griego** <https://www.youtube.com/watch?v=5wn71Yaxf4Y>

Gloria Lapeña Gallego (Universidade de Murcia): <https://www.youtube.com/watch?v=NBs123klkA&feature=youtu.be>

Lorena López Méndez (Universidade de Salamanca): **Tejiendo Memorias-Atando cabos: Taller de Educación artística y Género con personas con Alzheimer en Fase Moderada** <https://www.youtube.com/watch?v=Hz5T-LH0W8Y>

Concepción Martínez Montalvo

(Universidade de Murcia): **Arte y Género**. https://www.youtube.com/watch?v=l2uVj_TBwjU&feature=youtu.be

Juan C. Resano (Universidade de Zaragoza): **Educación, arte y mujer: un triángulo por abrirse** <https://www.youtube.com/watch?v=8IH4FxAgrt0>

Marisa Villen Fiz (Encuadro gestión cultural): **Las Mujeres bajo la mirada de Cornelis Zitman** <https://www.youtube.com/watch?v=QQXffoKf5Mo&feature=youtu.be>

Luz Darriba (Artista multidisciplinar): **Onde estamos? Reflexións para o II Congreso Xénero, Museos, Arte e Migración** <https://www.youtube.com/watch?v=fvTrhA9eQd0>

CONCLUSIÓN

XÉNERO E ARTE

• O patriarcado non ten xénero. O patriarcado responde a presións económicas e culturais de quen non quere perder os seus privilexios. Esta desigualdade afecta á diversidade cultural, relixiosa e tamén sexual. Non debemos esquecer a loita LGTB neste sentido.

• Plantarlle cara á desigualdade, denunciar a ausencia de mulleres no sistema, fuxir da subalternidade («Somos a invitada» dicía Simone de Beauvoir). Difundir, referenciar, transferir, as boas prácticas, desprazando a marca a favor de programas reais de igualdade e inclusión.

• As institucións non poden facer xestión de efemérides. Este modelo dá unha idea de falsa paridade, polo contrario hai que

visibilizar os 365 días do ano e incorporar discursos de xénero nos percorridos das súas coleccións.

• Afondar nas causas do abandono das egresadas en Belas Artes. Paliar as dificultades da profesionalización, de traballar como autónoma. A falta de representatividade das artistas nas feiras, galerías, exposicións, catálogos, mina esta situación e faina custosa e desmoralizante.

• Non hai unha arte feminina, hai unha experiencia común que non ten ás propias mulleres como un único destinatario, se non que a súa mensaxe vai dirixida a todo o mundo.

• Ser feminista porque se cre na igualdade entre homes e mulleres e ter presente que o que non se nomea non existe. Esta actitude debe estar impregnada en todos os ámbitos e ser vivida por homes e mulleres.

• A transformación debe ser piramidal de abaixo a arriba, na esixencia de que a lei se cumpra. Ser e actuar realmente desde o activismo cultural.

BLOQUE II.

XÉNERO E MIGRACIÓN

Silvia Fiallega, técnica de dinamización comunitaria. DEA en Historia Contemporánea e Historia de América. Educadora en Museos. Comisaria e xestora cultural.

Abre este último bloque a traballadora da Rede no **Museo Pazo de Tor** <http://>

redemuseisticalugo.org/pdt_presentacion.asp?mat=5 e xestora cultural Silvia Fiallega, compartindo a experiencia propia que lle une á emigración: estudos e familia. Na súa análise, a figura da muller emigrante non foi contemplada polos historiadores sempre da mesma maneira. Vista primeiro como un suxeito á espera ou mero acompañante, de carácter pasivo, nos últimos estudos xa se contempla como un ente activo e decisivo. Desde aquelas primeiras emigracións de principios de século XX ata agora, a progresión de mulleres emigradas foi en aumento, acadando no ano 2000 cerca dun 60% con respecto ao total.

A muller emigrante sempre partiu dunha posición diferente en relación aos homes. Para emigrar debe rachar co papel que o patriarcado lle encomenda, isto é, ser coidadora e quedar na casa. Así, como afirma Montse Dopico, esta decisión traerá como consecuencia cadros de ansiedade, depresión, e sentimento de soidade e culpa por abandono das responsabilidades socialmente establecidas.

Silvia realizou unha interesante entrevista para os seus estudos a Alina Pena, muller inmigrante cubana que tamén participa nesta sesión. Daquela ocasión resalta unha frase que resume a experiencia dunha muller emigrante: un feito doloroso pero tamén positivo, pois reforza o carácter.

A memoria, a través das fotografías e documentos que tamén aporta, engaden unha valiosa información sobre esta emigración feminina: os permisos do titor, as cartas, as imaxes desde Arxentina, os certificados de penais, etc.

Lanza para finalizar certas preguntas que levan a cuestionarnos por que emigra esta muller; que a motiva; como se prepara; como viven; que estratexias utilizan no destino; como se relacionan.

Salienta a importancia dos obradoiros e as

ferramentas didácticas sobre os proxectos e para normalizar, desde a educación, os conceptos de xénero e igualdade.

Ángeles Carnacea, licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía, antropóloga social, xestora cultural, mediadora Intercultural e doutorada en Antropoloxía Social. Instituto Universitario de Investigación sobre migracións, etnicidade e desenvolvemento social (IMEDES) <http://www.uam.es/otroscentros/imesdes/> da Universidade Autónoma de Madrid. + info <http://www.uam.es/otroscentros/imesdes/CV/acarnacea.html>

Ángeles Carnacea antropóloga e mediadora intercultural, aborda o tema das migracións desde unha perspectiva positiva, como unha oportunidade, a pesar da imaxe que se ofrece desde os medios de comunicación. A diversidade é unha cuestión de todos os tempos pero é a partir do ano 2000 cando os poderes públicos comezan a preocuparse en como xestionar esa diversidade, ou “nova diversidade” que se suma a que xa existía en España. Ángeles propón como resposta un debate intercultural que se desenvolve en tres dimensións: a igualdade, interacción positiva, e respecto a diversidade. Será na convivencia comunitaria onde se poña en práctica a auténtica inclusión.

Como di, Lucrecia Janqui da Asociación de Mulleres Latinoamericanas, “as mulleres non queren que se as estude nin se as observe máis, queren participar”. As mulleres emigrantes crean convivencia nas relacións veciñais, nos espazos comerciais e de formación. E a cultura, a arte, son ferramentas facilitadoras, vehículos para crear e repensar a comunidade, o comunitario. É usar a creación e a expresión artística como diálogo necesario para proporcionar a cohesión social. Que axudan a superar a fragmentación que xorde

cando se xestiona a emigración desde unha perspectiva sectorial e non territorial. Recomenda a lectura do **Catálogo de boas prácticas** <http://cepaim.org/wp-content/uploads/2014/01/cat%C3%A1logo-de-buenas-pr%C3%A1cticas.pdf> publicado pola Fundación Cepaim en 2013 onde se identifican proxectos onde a muller inmigrante participa activamente.

María Antonia Pérez, profesora titular de Humanidades da Universidade da Coruña. Investigadora na recuperación de textos escritos no exilio entre outros ámbitos.

Como profesora de Humanidades na Universidade da Coruña, pero sobre todo como investigadora na recuperación de textos escritos no exilio, María Antonia Pérez fai unha descrición fiel do que supuxo a emigración por cuestións políticas derivadas do levantamento de 1936. Durante a Guerra Civil sucédense tres etapas marcadas polo movemento dos frontes e o desenvolvemento da guerra. A muller, moi activa politicamente, debe saír do país. O destino elixido, América, África ou Europa, e a maneira, en transporte ou a pé, vai depender da situación xeográfica, intelectual e económica de cada persoa e das relacións diplomáticas internacionais. Os países abrirán ou pecharán as fronteiras segundo sexa o seu compromiso, como é o caso de México que chegou a fretar barcos. Varias son as manifestacións de mulleres que narran as realidades do seu exilio, en moitos casos tradúcese nunha perda de dereitos gañados. María Antonia cita os escritos de Concepción Cerveira, Carmen Muñoz ou a nomeada escritora en México, Silvia Mistral.

Luzía Oca, doutora en Antropoloxía Aplicada, responsable do proxecto BogAvante de empoderamento do colectivo

caboverdiano, autora da tese **Caboverdianas en Burela (1978/2008): migración, relación de xénero e intervención social (2014)** dspace.usc.es/bitstream/10347/9804/1/rep_592.pdf

Luzía Oca, antropóloga, traballou durante moito tempo coas mulleres caboverdianas da Mariña. Este labor materializouse na exposición **Badías** https://www.facebook.com/luzitinha/media_set?set=a.640358079378321.100000446366409&type=3 aínda en activo e percorrendo o mundo, como manifestación de identidade. A palabra mesma da nome aos escravos e escravas que se autoliberaron do seu forzoso cativoiro.

A comunidade caboverdiana leva máis de 30 anos entre nós, traballando no mar ou na fábrica de aluminio. Préstase nas fotografías moita atención á maternidade porque sempre aparece vinculado ao papel da muller e porque hai un patrón de cambio de modelos familiares entre aquí e aló. A nenez é outro tema recorrente nas imaxes de Badías pola súa necesidade de tecer pontes na súa educación e na construción do seu futuro.

Iria Vázquez, formadora e asesora en temas de xénero, colabora en proxectos de investigación no campo da socioloxía nas universidades de Vigo, A Coruña e Rovira i Virgili. Autora da tese **La inmigración senegalesa en Galicia. Remesas y cuidados en familias transnacionales** http://ruc.udc.es/bitstream/2183/12341/2/VazquezSilva_Iria_TD_2014.pdf

A socióloga Iria Vázquez introdúcenos na inmigración senegalesa en Galicia. Para ela, e citando a Sonia Parelle(2003)* hai unha triplo discriminación: por ser muller, traballadora e inmigrante. Na súa tese **A inmigración senegalesa en Galicia. Remesas e cuidados nas familias transnacionais** revela que para coñecer en profundidade a esta comunidade, debemos

ter unha visión de conxunto, achegándonos xa non so ás persoas que emigran, maioritariamente homes, se non tamén a aquelas mulleres que quedan en Senegal e facilitan así que outras poidan desprazarse. O patriarcado ten as súas armas de presión, gabando aos fillos que deixan as súas esposas, en Senegal ao coidado das sogras e das persoas dependentes. As nais son as que reciben as remesas e as distribúen, as que xestionan a economía doméstica.

Finalmente, Iria relaciona este modelo co acontecido en Galicia durante a gran migración, como ilustra unha fotografía do historiador Raúl Sotelo, na que se amosa as mulleres que quedan na casa cando todos os homes da familia marchan emigrados.

Mery Pais Domínguez, artista multidisciplinar, con proxectos artísticos sobre muller realizados en Tetuán (**El Paraíso de Lilith, Medina, tela, cobre**), onde cursou Belas Artes Mery Pais Domínguez é unha artista galega formada en Tetuán. A súa obra parte das inquedanzas, da súa experiencia vital de atoparse entre dous países tan próximos e á súa vez, tan separados. Utiliza a arte como ferramenta de reflexión conxunta entre culturas, de participación e coa intención de vincular ás persoas entre si. Nos seus proxectos como “Fátima”, expón os clichés e estereotipos orientalistas do pasado sobre o mundo árabe, mentres que en **Colisións compartidas** https://www.youtube.com/watch?v=xOz7_GTSSPU&list=PLkqAiMw-mh7_7CRTcLCFyj_E-ITZGsmXI&index=5 utiliza un estereotipo do debate occidental actual como é o velo para provocar no espectador a escoita atenta e íntima sobre as razóns de levalo ou non.

*PARELLE, Sonia (2003) *Mujer, inmigrante y trabajadora: la triple discriminación*. Barcelona: Anthropos. 412 p.

Esta obra precisa, como nun diálogo, dun

receptor que a complete. Desta maneira, reflexiona sobre a liberdade de conciencia e obriga a cuestionarnos como percibimos aos demais.

Papel e Muller https://www.youtube.com/watch?v=E2LE8S8IO1k&list=PLkqAiMw-mh7_7CRTcLCFyj_E-ITZGsmXI&index=6 nace tras observar unha realidade: en Tetuán: unha vez cae a noite a rúa é dos homes. Coa intención de reclamar a presenza da muller no ámbito público, realiza unha serie de fotografías de mulleres reais que coloca en papel a tamaño natural sobre as paredes, para que se manteñan durante a noite. Decatándose que desaparecían, volve a colocalas esta vez sobre contrachapado e exentas, a modo de esculturas nas prazas públicas, e vai recollendo en vídeo as opinións e reaccións dos viandantes.

No Museo do Mar instalouse **Territorio simbólico** <https://www.youtube.com/watch?v=FV2quCBrAbQ>. Un PC, unha pantalla con auriculares máis unha cadeira, remiten aos locutorios, capaces de crear lugares de encontro entre espazos diferentes.

Amal Ait, muller marroquí de Lugo.

Amal Ait defínese como unha moza marroquí, estudante en Administración e Dirección de empresas, que chegou aquí grazas á agrupación familiar e que non ten moita relación coa súa comunidade polo feito de ter elixido a vía dos estudos. É a única muller árabe que está na facultade. Esta decisión fai que os horarios e costumes cambien para adaptarse as necesidades da súa carreira. Amal comparte unha panorámica sobre o seu Marrocos, afastado dos tópicos. Vemos entón, un país que acolle, con zonas verdes, onde conviven o tradicional e o moderno, un país de exóticos zocos pero tamén con prazas de arquitectura vangardista.

Alina Pena Labrada, muller cubana da Mariña.

Alina Pena é unha muller emigrante cubana que leva 34 anos no país. Os seus avós, galegos de Vilalba e de Vigo, coñecéronse en Cuba. A historia da súa familia e de ida e volta e ida de novo. Os avós volveron, marcharon de novo os seus pais e retornaron de novo, non sen certas dificultades, ata que a familia estivo reunida e coa nacionalidade española. Ten agora a teima de que toda a súa bagaxe cultural, os seus costumes, os seu modo de vivir, poidan ser coñecidos polos seus fillos, xa non só a través dela mesma que procura mantelas no espazo familiar, se non tamén directamente no coñecemento do país, Cuba.

A familia de Alina é tamén unha familia transnacional, onde os seus membros se atopan repartidos por Estados Unidos, Costa Rica e España.

Carmen Amigorena, muller cubana da Mariña.

Carmen Amigorena emigrante cubana fai un percorrido pola historia onde pon de manifesto que o feito migratorio é unha situación dada en todas as épocas da humanidade, ben fose con motivos comerciais e económicos, bélicos, etc. Os gobernos tentan en certos casos frealas con resultados desastrosos, como coñecemos no acontecido en Ceuta e Melilla, pero tamén son moitas as institucións que toman como obxectivo a axuda ao emigrante. Un colectivo, que é menosprezado por unha parte da sociedade que o considera unha competencia flexible e barata, como un peso para o Estado, e que non acepta a diversidade cultural. Para remedialo, Carmen propón que a transformación comece na educación, nas escolas, coa aceptación e a aprendizaxe da diversidade porque a multiculturalidade é unha práctica

convivencial no cotiá. Termina citando as palabras de Horace Mann: "a educación, máis que calquera outro recurso de orixe humana, é a grande igualadora da condición humana, o volante da maquinaria social".

Carmen e Alina deixaron no Museo do Mar unha instalación feita con obxectos e documentos propios, cargados de significado e vivencias, que invitaba ao espectador a coñecer a súa experiencia e cultura.

Rocío Fernández Larrañaga, rapaza arxentina da Mariña.

Remata este bloque dedicado á Migración, Rocío Fernández Larrañaga, unha rapaza de 17 anos, arxentina da Mariña. O seu avó marchou para a Arxentina cando a Guerra e os seus pais volveran cando ela era moi pequena, con catro anos. Aínda así, ela síntese profundamente arxentina. Nunca se sentiu discriminada de forma xeral. En 2015, realizou para o seu instituto como parte dun proxecto de interacción entre Arxentina e Galicia, un emocionante vídeo no que narra a experiencia do seu avó e a súa propia: **Os ciclos da emigración** https://www.youtube.com/watch?v=w8NM5_cDiLA

OUTRAS

VÍDEO-COMUNICACIÓNS:

XÉNERO E MIGRACIÓN

Eva Cristina Mesas Escobar (Universidade de Murcia): **Los objetos que hay en mí. Proyecto de mediación artística con mujeres inmigrantes** https://www.youtube.com/watch?v=XQIYhLUM_gU&index=3&list=PLkqAiMw-mh7_767LUqqqWJEBzr0ufekYR

CONCLUSIÓN

XÉNERO E MIGRACIÓN

- O feito migratorio supón unha ruptura, un movemento de base, xa non só para os suxeitos que se desprazan, se non tamén para as súas familias e sociedades de orixe. Cando ademais é unha muller quen emigra, súmanse as responsabilidades extraordinarias e os estigmas que o sistema patriarcal lles ten asignado.

- Nas sociedades de acollida, o poder, que quere impoñer a homoxeneidade, tende a facer da inmigración un estereotipo construído a partir do exótico, do menosprezo, do diverxente, do negativo e, sobre todo, do descoñecemento do outro. O estereotipo impide o diálogo en comunidade dunha forma inclusiva e igualitaria que atenda e, ao tempo, se enriqueza desta diversidade.

- Este modelo erróneo de mirada é utilizado polo patriarcado como base para establecer as regras respecto aos roles de xénero, impedindo o desenvolvemento dos seres humanos en igualdade de condicións, dereitos e liberdades.

- Para romper estes estereotipos é preciso promover o debate intercultural en múltiples dimensións: de igualdade, de interacción positiva, e de respecto a diversidade. Este exercicio debe darse en plena convivencia comunitaria. Neste sentido, os museos realizan un importante papel como mediadores e xeradores de espazos de diálogo, como centros patrimoniais lexitimados e como reflectores da pluralidade da súa sociedade. Aplicar a perspectiva de xénero nestas accións contribúe a afianzar e expandir a transformación social.

- O museo ha de desinstitucionalizarse. Na súa responsabilidade social debe facilitar a participación dos diferentes colectivos que

compoñen a súa comunidade. Dotarlles de ferramentas, como a creación e a reflexión artística, en espazos de encontro, fai que os individuos se activen como protagonistas do cambio social e creen nexos válidos, perdurables, e en paridade entre as culturas e as súas xentes.

- Artistas, investigadora e investigadores, a través dos seus proxectos, poñen de manifesto a nosa diversidade e constrúen unha plataforma crítica desde a que analizar e corrixir os estereotipos e formular outros modelos de convivencia.

- Unha sociedade que non escoita, non tende pontes, e segue a xestionar a súa diversidade de unha forma sectorial está a crear fracturas que impiden o seu desenvolvemento pleno.

- Os museos son contedores de emocións. Os obxectos e as obras que albergan están vinculados á vivencia, á experiencia, e polo tanto conectados coas persoas. A comunidade quere verse identificada e representada polas coleccións e os recursos das institucións museísticas.

Conclusións das participantes ao II Congreso Género, Museos y Arte

Ana Isabel Macón

1. Programación integral y no celebración de efemérides. Aunque son necesarias. Lo que no se nombra no existe.

2. Implicación de los puestos directivos ya no solo en integración, sino en inclusión, un paso más allá.

3. Conseguir que los criterios museográficos no respondan a los intereses

de un lobby cultural y social, sino a calidad real.

4. Hombres y mujeres somos personas, con nuestros puntos diferentes y puntos en común, obviedad que se olvida frecuentemente.

5. La educación es el motor de la maquinaria social, que puede conseguir la igualdad y la inclusión. Sin educación, caemos.

6. La cultura sin sociedad no puede existir. Función social de los museos que a pesar de estar en su definición no se respeta.

7. Desinstitucionalización de los museos: devolverle la voz a la comunidad y favorecer su papel dentro del museo.

Blanca Flor Herrero Morán

1. La presencia de la mujer en el Museo Etnográfico de Castilla y León se percibe a través de diferentes actividades como exposiciones, conferencias, talleres, conciertos, efemérides del Día Internacional de la Mujer...

2. Hasta el momento se han realizado seis exposiciones temporales en las instalaciones del Museo Etnográfico de Castilla y León donde la mujer ha sido la protagonista de las cuales, tres han versado sobre tres mujeres artistas.

3. Las tres exposiciones sobre mujeres artistas se han centrado en: las obras de Isabel Ulzurrun, la figura y las obras de Piedad Isla y las pinturas de Balbina Mendes, respectivamente. En las tres exposiciones una mujer a título individual es el eje central. No se trata a la mujer de forma genérica sino que el hilo conductor y la esencia es una mujer concreta.

4. La principal diferencia entre las muestras radica en las diferencias existentes entre las tres mujeres sobre

las que se centran: pues además de que una es etnógrafa y fotógrafa y las otras dos son artistas plásticas, el contexto histórico y geográfico y la vida personal y profesional son distintos (Piedad Isla/ Isabel Ulzurrun/Balbina Mendes; años veinte/años cincuenta/años cincuenta; pueblo/ciudad/pueblo; fotografía y filmografía/pintura y escultura/pintura; trabajo documental sobre el pasado y el presente/trabajo contemporáneo sobre el presente y el futuro/trabajo contemporáneo sobre el pasado y el presente; vinculación especial con su lugar de origen/no vinculación especial con su lugar de origen/vinculación con su lugar de origen; proyectos artísticos, culturales, sociales y asistenciales han centrado su vida y su obra/ proyectos esencialmente artísticos con una fuerte carga filosófica centran su vida y su obra/proyectos artísticos y culturales centran su vida y su obra).

5. Los elementos comunes de las tres artistas son: la vinculación al terreno artístico donde han investigado diferentes posibilidades, sus vidas y obras ejemplifican el papel activo de la mujer, el desarrollo de un arte personal y particular donde se percibe la relación entre paisaje y paisanaje, la exposición de sus obras en salas y centros museísticos, y la consecución de diferentes premios y reconocimientos.

6. Estas exposiciones ejemplifican algunas de las ideas planteadas, desarrolladas y compartidas en los debates surgidos a lo largo de la celebración del Congreso. Por un lado, es necesario mirar las instituciones museísticas desde dentro y reflexionar sobre: la distribución de las plantillas, el desarrollo de la convivencia, la integración, la inclusión, la imagen y la percepción, los recorridos expositivos, los programas didácticos o las acciones educativas. Por otro lado, para analizar el papel de la mujer en los museos es

conveniente partir de distintos puntos de vista: las colecciones, las exposiciones, el hilo argumental, los estudios de público, las reflexiones cuantitativas y cualitativas, la difusión, y las publicaciones científicas y divulgativas especializadas en el tema.

7. Sin duda, tal y como indicó Encarna Lago en varias ocasiones a lo largo de las jornadas del Congreso, "la investigación es un motor de cambio". A esta idea, y siguiendo con la misma metáfora, podemos añadir que una vez que hemos arrancado dicho motor debemos intentar que permanezca encendido de tal manera que podamos recorrer el camino de la mejor forma posible contando con diferentes recursos. En definitiva, se trata de ser personas activas y activistas partiendo de nuestros entornos más cercanos y conocidos, y de establecer redes que tiendan a crear conexiones y reflexiones basadas en el diálogo y el debate.

Laura Bécares Rodríguez

¿Cómo se representa la maternidad en los museos arqueológicos?

A través de mi participación en el II Congreso Xénero, Museos, Arte e Migración he podido darme cuenta de la rica variedad interdisciplinar de los estudios de género asociados a toda clase de museos y en las colecciones de arte. Del mismo modo, he podido conocer a un gran número de investigadoras que quieren, tanto a nivel institucional como al humano, que las mujeres y los estudios sobre mujeres tengan una representación cada vez mayor, acercándonos cada día un poco más hacia la paridad.

En el año 2013 también tuve la oportunidad de participar en el I Congreso de Museos, Género y Arte. Creo que puedo asegurar que tras la segunda edición, en poco más

de un año los estudios en torno a estas cuestiones han aumentado cualitativa y cuantitativamente. No obstante, creo que hay varios aspectos sobre los que se reflexionó a lo largo del congreso que hacen que estos pasos sean firmes pero excesivamente lentos. Nos encontramos ante un techo de cristal, en tres vertientes:

La primera es que desde las propias disciplinas, ya sea el caso de la Historia, la Museología o la Arqueología, los estudios más tradicionales pero que actualmente se mantienen en los círculos de poder se escudan en la invisibilidad o la poca importancia de las aportaciones femeninas. Sirva de ejemplo que desde la Arqueología se debate a partir del registro material no se puede hablar de actividades relacionadas con lo femenino y lo masculino, es decir no se acepta que la condición sexual pueda ser una categoría a estudiar arqueológicamente porque es indemostrable. No obstante y desde presupuestos feministas y de la arqueología de género, se ha demostrado que esto no es así, ya que se pueden evidenciar a través de, por ejemplo la paleoantropología, a que se dedicaban los hombres y las mujeres de una sociedad concreta a partir del estudio de esqueletos humanos. Para encontrar algo hay que tener las bases teóricas que nos permitan buscarlo.

La segunda entraría dentro del concepto de prestigio, valor o canon del museo o de la obra de arte. Nos encontramos con criterios de lobby excluyentes en el que es más importante exponer obras de autores famosos que atraigan al público y al turismo que preocupamos por exponer obras de mujeres ya que tradicionalmente no se consideran importantes, no tienen la misma "calidad" o carecen de prestigio internacional. "Prestigio" o "calidad" tienen significados variables que dependen de la cultura que las crea y varían dentro del

desarrollo de la sociedad. Por tanto, son términos que podemos modificar, sobre todo dentro de una sociedad que lucha por la igualdad de género. Es cierto que los museos y los yacimientos arqueológicos pueden ser económicamente rentables, pero no debemos subordinar este éxito a la necesidad de educar y de repensar si los objetos o obras de arte que se exponen él corresponden a una mirada educativa que busca la igualdad en pleno siglo XXI o es un recuerdo de modelos tradicionales y patriarcales del siglo XIX. Por ello, es necesario concienciar a los museos de que son instituciones relevantes y fundamentales para la igualdad a través de la promoción de estudios, investigaciones y artistas feministas.

Finalmente, se ha discutido sobre el insuficiente acceso de las mujeres a puestos de poder en instituciones culturales y la limitación que esto supone a su desarrollo profesional. Las razones que se barajaron fueron que puede deberse, no solo al techo de cristal, sino a la pérdida de la identidad femenina ya que los puestos de poder permiten una escasa compatibilidad con la vida privada y familiar. La integración de las mujeres en estos espacios no puede ser un mero transitar por puestos antes reservados a los varones en los que actúen con esa identidad, sino que deben planificarse proyectos coeducativo en los que se integren los valores femeninos y que por supuesto, sus saberes sean reconocidos por la sociedad tanto como pasado histórico como valor de cambio.

Creo que en a través de un encuentro del calibre del II Congreso de Museos, Género, Arte y Migración hay una conclusión inamovible: los estudios de género en torno a estas cuestiones están cada vez más ampliamente representados en nuestro país. Además, las investigadoras que los representan son personas comprometidas

y activas en la integración de los estudios de mujeres en los museos y las colecciones de arte. Este tipo de encuentros permite la creación de redes para establecer un espacio de diálogo y trabajo entre investigadoras desde distintos ámbitos de actuación es de vital importancia para impulsar el cambio.

M^a Dolores Cid Pérez

En la actualidad, a pesar del avance logrado por las mujeres en temas de género, todavía queda un largo camino por recorrer. Incluso nosotras mismas seguimos hablando en masculino, y es que, durante más de tres mil años, se ha venido haciendo así, por lo que librarnos de esa tradición nos va a costar mucho esfuerzo y tiempo.

Sigue estando vigente el famoso "techo de cristal", que coarta el ascenso profesional y social al género femenino. Incluso en los países con una dilatada trayectoria feminista, la igualdad es un mito, hecho demostrado en la última entrega de los Oscar cinematográficos cuando a la petición de igualdad en el mundo del cine se sumaron muchas de las actrices allí presentes y que se va a evidenciar en las próximas elecciones presidenciales en U.S.A., cuando Hillary Clinton trate de lograr el bastón de mando de esta nación y veamos cómo es atacada desde todos los flancos, tanto por lo que ha hecho como por lo que no haya hecho.

La igualdad es un derecho de la mujer por el que todo@s debemos seguir peleando, labor ardua y difícil ya que desmontar el sistema patriarcal imperante en el interior de casi todos los humanos, tanto hombres como mujeres, es complicado, pero que se lograra al fin con la colaboración y el entusiasmo de todo@s.

Mónica Alonso

A miña participación no II Congreso Xénero,

Museos, Arte e Migración servíume para reflexionar sobre un tema que me interesa persoalmente, a relación entre feminismo e maternidade. A relación entre arte e maternidade. Da miña reflexión saíu o artigo: Arte, feminismo e maternidade. A maternidade a través das declaracións e obras de tres artistas claves na lectura do feminismo: Marina Abramovic, Tracey Emin, Louise Bourgeois.

O que comezou cunha declaración de Marina: As mulleres non están tan preparadas para sacrificarse pola arte como os homes. As mulleres queren ter familia e fillos e ademais dedicarse a arte. Pero, sinto dicilo, iso non é posible. Levoume a ir tirando dun fío de diferentes texturas: egocentrismo, mala nai, trauma. O artigo que escribín chegou a moitas mulleres, e de todas recibín comentarios sobre a confluencia no tema e a necesidade de seguir a pensar. De seguir a pensar coa maior sinceridade con nos mesmas.

A min participar no Congreso servíume para volver a quitar as vendas. Para reaccionar ante a sociedade patriarcal que sen pausa pon pedras e máis pedriñas e mais pedras en cada un dos camiños, petos, zapatos, sombreiros, que lles deseñan para levar as mulleres.

Gema López

O II Congreso de Xénero, Museos, Arte e Migración, organizado pola Rede Museística de Lugo o pasado mes de marzo reuniu a profesionais do ámbito da cultura de todo o estado español e algúns estranxeiros. Eu, como artista, tiven a oportunidade de participar na mesa redonda de xénero e arte. Estiven rodeada de outras artistas e xestoras que me aportaron moitísimo e tamén puiden amosar a miña obra directamente a persoas críticas coa cultura patriarcal e cos roles de xénero. Penso que foron uns días

especiais porque me permitiron recompilar moita información en moi pouco tempo e así poder enriquecer o meu traballo, ademais de facer novos contactos.

Renata Otero

1. Estamos moi lonxe da igualdade de xénero no eido das artes. As institucións culturais galegas en xeral e as galerías e outros canles de distribución do arte en Galicia e no estado español non pretenden a paridade como obxectivo.

2. Serían precisas mais prácticas de visibilización desa falta de paridade por parte de institucións, galerías e etc. para notar un avance maior.

3. A fantasía de “igualdade” social entre xéneros prexudícanos ás mulleres xa que oculta a discriminación por xénero, sexualidade, temática....

4. Son precisas prácticas que destrúan ou polo menos cuestionen a paridade expositiva (foi interesante a experiencia portuguesa onde non se puña a autoría nos traballos por exemplo). Sería moi bonito que actividades educativas fixesen un baleirado de datos percorrendo museos e apuntando obras de autoras/es, etc. Canto mais se evidencie o anacrónico e misóxino desta conduta mais cerca estaremos de ir avanzando. Unha das bazas que xoga o patriarcado para discriminarnos é precisamente o descoñecemento cidadán deste tipo de discriminación.

5. Foi moi interesante saber exactamente que institucións deron que desculpas para non acoller exposicións de mulleres artistas. Pode que se abrísemos investigacións científicas nese sentido e as publicásemos con nomes e apelidos esas entidades se avergoñasen tanto que se replantasen os seus criterios de selección.

6. Como clientas propoño boicot

a editoriais de arte onde, por sistema as mulleres son invisibilizadas ou postas en quinto plano. (A primeira que me ven á cabeza é Taschen, pero vamos que son a maioría. Podería redactarse un texto de protesta antes do boicot, por se teñen interese en modificar os seus criterios á hora de facer monográficos de artistas...).

Ángeles Carnacea

El Congreso mostró lo necesario que es generar espacios de encuentro entre profesionales, artistas, etc, desde la cercanía desde el tú a tú, que se olvida en los congresos de formato espectáculo.

Tanto la estructura del congreso como los lugares donde se desarrolló durante tres días, facilitaron la palabra, el compartir y el generar nuevas sinergias para seguir creyendo que el arte y los museos son espacios necesarios en todas las comunidades y que no pueden entenderse separados de estas.

El museo como lugar de encuentro, el museo como generador de transformaciones sociales, el museo como lugar donde soñar en otros mundos posibles, más justos, más igualitarios, más humanos.

Muy acertados los tres bloques en los que se estructuraron las intervenciones que creo que fueron en una intensidad in crescendo hasta llegar al tercer y último día, con el bloque de Género e inmigración, que desbordó todas las expectativas que llevaba y en el que tuve la suerte de ser invitada a participar. Cuando alguien se sienta a compartir su historia con los y las profesionales que construimos las historias que nos cuentan, que vemos e interpretamos cada día en nuestra labor, se produce una chispa mágica y eso fue lo que sucedió en la mesa que se desarrolló en el Museo provincial do mar. Esos momentos

quedan instalados para siempre porque son únicos, y no debería ser así, ya que esto debería ser lo normal cuando se plantea un Congreso, que se oigan todas las voces, no sólo la de los y las profesionales o eruditos/as que creen tener la llave del saber. La valiosa llave la de la experiencia tiene el mayor valor.

La selección de ponentes, del mundo de la investigación, el arte, la creación, etc., fue excelente. Coincidir de nuevo con grandes colegas de este mundo de los museos con conciencia social, fue uno de los grandes regalos de esta invitación a participar que tanto os agradezco a la Red museística de Lugo y a su gerentes, Encarna Lago, una profesional comprometida con el mundo en el que vive y que concibe el museo no como una institución, sino como un recurso necesario en una sociedad que necesita profundas transformaciones para que sea justa, igualitaria y respete los derechos humanos. El museo como casa, como hogar desde el que construir nuevas narrativas que nos ayuden a superar la desigualdad, la discriminación y todo lo feo de un mundo que va muy deprisa, pero que está lleno de gente maravillosa como toda la que hace posible el trabajo de la Rede Museística de Lugo.

Iria Vázquez Silva

As intervencións das participantes debuxaron un mapa moi rico de experiencias vitais que mostraron, unha vez máis, a complexidade do fenómeno migratorio. O formato breve das intervencións pareceume óptimo para xerar debate, e para poder ter tantas voces de distintas procedencias.

Como é sabido, ata 1960, as mulleres se atopaban totalmente excluídas das investigacións sociais sobre as migracións, e eran vistas como meras acompañantes dos seus maridos. Desde un punto de vista

histórico, foi moi interesante o percorrido que trazou M^a Antonia Pérez Rodríguez das mulleres galegas no exilio. Nos anos 90, as mulleres inmigrantes comezan a ser vistas como verdadeiras inmigrantes, e é entón que se comezan a considerar as súas experiencias laborais e vitais. Pero é nos 2000, cando se analiza a migración como un proxecto familiar onde non só se visibilizan as mulleres que emigran, senon tamén as que quedan en orixe, ás veces como o último eslabón dos coidados.

As intervencións de moitas mulleres de diferentes procedencias (Marrocos, Cuba e Arxentina), xeraron despois un debate sobre como plasmar nun Museo estas experiencias, como a arte pode abarcar esta experiencia vital, e cómo xestionar a diversidade cultural. As mulleres, cando pertencemos a minorías, estamos no punto de mira; e falamos no debate de como xerar irmandade feminina a través do apoio a movementos de mulleres en diferentes países, e a necesidade de non tutelar a ningunha muller, senon apoiar os movementos desobedientes que se xeran no interior de cada cultura. A migración, en Galicia, segue a tocarnos desde moi perto, aínda que as voces veñan desde lonxe.

Rocío Fernández Larrañaga

Eu, Rocío Fernández Larrañaga , participei como poñente na última xornada deste congreso que se realizou o pasado 8 de marzo de 2015 no Museo provincial do Mar de San Cibrao (Cervo).

Foi una gran experiencia, xa que me brindou a oportunidade de darme a coñecer como rapaza migrante. Na presentación falei da miña experiencia ao igual que Amal (rapaza musulmá) e M^a Carmen e Alina (mulleres cubanas). Comentei un pouco o duro que foi a miña experiencia aínda que fora pequena. Intentei seguir o guión que

levaba preparado pero non logrei conter as bágoas, polo que me puxen nerviosa e seguín co que me acordaba. Por último na miña presentación amosei un vídeo do meu avó sobre a súa migración á Arxentina.

Nas presentacións participamos tanto mulleres profesionais e estudadas como mulleres que vivimos certas experiencias como mulleres e migrantes. Isto pareceume xenial porque así todas as asistentes a este congreso puideron coñecer de situacións e termos que ao mellor descoñecían xa que só as persoas que estudan estes temas saben diso, e puideron dicir o que é a migración baixo o seu saber e nós, puidémolo facer baixo a experiencia vivida. Así mesmo tiveron a posibilidade de presentar traballos como *Badías de Luzia Oca*, ou *Papel y mujer* o *Detrás Del Velo* de Mery Pais.

Ao final da presentación de cada unha das mulleres que expuxemos realizouse un debate no que se trataron preguntas sobre os temas relacionado coa primeira parte. Tratáronse algúns temas como o do velo, o estereotipo das galegas e dos galegos, representados por exemplo coa personaxe Ramona ou con Cándida; como se conseguiu a feminización do traballo a causa da migración, ... entre outros.

Persoalmente esta xornada organizada pola Rede Museística Provincial de Lugo foi moi gratificante. Permitíume: o coñecemento de novos temas; contar a miña historia, como xa mencionei con anterioridade; coñecer xente nova e polo tanto novos contactos para un futuro próximo. Desexo que se sigan realizando máis congresos sobre mulleres e migración. Espero que a da Rede museística e a súa organización conte comigo en moitas máis ocasións, xa que será toda unha honra poder participar outra vez con xente magnífica e seguir aprendendo.

Todo o meu máis sincero agradecemento ás persoas que fixeron posible o II Congreso

Xénero, Museos, Arte e Migración e que puidera participar.